

# Guía de viaxe á Galicia invisible

► Antonio Reigosa enumera cen lugares míticos da xeografía galega nunha guía que foi ilustrada por Noemí López

## JAUREGUIZAR

✉ sjaureguizar@elprogreso.es

LUGO. Antonio Reigosa intuía hai tempo que existe unha xeografía paralela á que miramos todos os días. O escritor lucense decidiuse a indagar nela como un pioneiro dos que conquistaban terras novas no Renacemento e vén de presentar un manual para levarnos da man. Na 'Guía ilustrada da Galicia invisible' (Xerais), amósanos un cento deses lugares que non percibimos describindoos en textos breves valéndose de 35 ilustracións a dobre páxina da tamén luguesa Noemí López.

A achega da artista plástica é destacada, algo que se nota na presentación do texto, que vai precedida dun mapa xeral de Galicia no que localiza cada un dos reinos, cidades, vilas, illas, covas, camiños ou montes que non somos quen de ver senón cos cinco sentidos da lenda.

«Todos os lugares dos que se fala son lendas sen unha base real e non existen causas que expliquen por que desapareceron» alén do propio mito, indica. Elemento común a todas elas é «un cataclismo natural que acontece por unha maldición da divindade, que é católica porque xa se implatara a nova relixión», comenta Reigosa.

O autor engade que os mitos deses lugares invisibles transmiten «un ideal de rexeneración do mundo, polo que estas lendas castigan ao que non se axeita á forma de ver o mundo que trae a nova relixión, polo que se provoca algo que o faga desaparecer».

«No caso do Medulio, eu penso que é un mito romano para xustificar a dificultade da conquista, porque os resistentes prefiren inmolarse a renderse», conclúe.



## Unha cidade nos Ancares

Unha das cidades que máis chamou a atención de Antonio Reigosa é Alcaparra dos Ancares, situada no monte Cuiña. O nome, aclara o autor, provén da urbe de Capara, que figura no 'Códice Calixtino'. A desaparición veu motivada porque, nunha desputa entre un pobre e un rico por unha moza, gañou o primeiro e o pai da rapaza non cumpriu a promesa.

## Cospeito

No caso de Beira, a catástrofe foi consecuencia da indiferencia dos veciños cos viaxeiros. Pasou a Sagrada Familia e un zapateiro lanzou unha subela contra eles, dando no calcaño do Neno Xesús, que empezou a sangrar ata asolagar a cidade.

## Alegrín

O pequeno areal de Alegrín, en Suevos (O Vicedo), ten ese topónimo porque os seus habitantes eran felices e evitaban axudar a ninguén para que non lle contaxiasen a tristura.

Cando chega un naufrago, que era alguén sobrenatural, mándano á rocha de Gaveiras, polo que el vengase lanzando un tsunami que destrúe o areal.